



Exp. CON/63/2014

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO DO SUBMINISTRO E IMPLANTACIÓN DUNHA SOLUCIÓN DE RENOVACIÓN DE SERVIDORES E OUTRO EQUIPAMENTO PARA O CENTRO DE PROCESO DE DATOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ACLARACIÓNS AO PREGO


En resposta a preguntas recibidas sobre certos aspectos dos pregos, fanse chegar as seguintes aclaracións:

1. ALCANCE DA GARANTÍA DO PROXECTO

O prego administrativo establece no punto "31.-Prazo de garantía" un prazo mínimo de CATRO (4) anos a partir da recepción formal nas condicións establecidas no prego técnico no seu apartado "13.- Condicións do mantemento asociado á garantía".

Tal e como se desprende do prego, a garantía aplícase tanto ao equipamento subministrado coma á implantación da solución ofertada, asumindo polo tanto o adxudicatario dentro do importe de adxudicación as garantías oficiais dos produtos e a resolución de calquera incidencia derivada de vicios ou defectos no proceso de instalación e posta en marcha.

Procede neste punto distinguir entre a o concepto de garantía e o subministro de licenzas. O prazo indicado corresponde ao servizo de garantía, mentres que o proxecto prevé o subministro de licenzas dos sistemas operativos e do xestor de base de datos Oracle polo prazo mínimo de un ano.



2. SOBRE O EQUIPO DE TRABALLO

2.1. Aclaración sobre o criterio 6.-Equipo de traballo.

O prego administrativo inclúe no apartado "10.-Procedemento de adjudicación" o criterio "6. Equipo de traballo" como un dos criterios avaliados mediante cifras ou porcentaxes.

Tal e como se describe neste punto, ten en conta única e exclusivamente o coñecemento demostrable e acreditado sobre os requirimentos específicos das aplicacións de xestión municipais e servizos aos que dará soporte a solución subministrada.

Sobre isto faise unha referencia máis detallada no prego técnico, apartado "9.-Equipo de traballo", ao indicar que se valorarán nos criterios os coñecementos en contornas similares no que respecta ás aplicacións de xestión municipal que fan uso da plataforma, pasando a describirse as principais.


Polo tanto, a información da oferta sobre este aspecto concreto do equipo de traballo débese incluír unicamente no sobre que corresponde aos criterios avaliados mediante cifras ou porcentaxes.

Os demais aspectos do equipo de traballo poderán ser utilizados polo licitador como elementos diferenciadores da oferta no que respecta á posta en marcha da solución, na medida en que permitan unha maior adaptación ao caso específico (coñecementos da tecnoloxía subministrada ou en proxectos similares), ou aporten unha maior garantía de implantación correcta en tempo e forma.

Isto correspóndese co criterio "2.-Proxecto de implantación" e a información deberase incluír polo tanto no sobre de criterios non avaliados mediante cifras ou porcentaxes.

2.2. Certificacións e xustificación documental

Sobre á inclusión nas ofertas de certificacións e xustificacións documentais, enténdese obrigatoria no que respecta ao criterio "6.-Equipo de traballo" por tratarse dun criterio de avaliación mediante cifras ou porcentaxes, e ás certificacións de fabricante (en VMWare, Oracle) por tratarse dunha esixencia do prego.



Sen embargo, a descrición do perfil do equipo de traballo (número de persoas e perfís, coñecementos, formación académica) non necesita ser acompañada de documentación xustificativa, que non obstante poderá ser requirida en calquera momento durante a avaliación de considerarse necesaria, e durante a execución do contrato para verificar o cumprimento da oferta.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2015

O XEFE DE INFORMÁTICA

Asdo.: Jesús Rodríguez Castro